

ANUNCIO do 23 de xaneiro de 2023, da Xefatura Territorial do Medio Rural de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común (MVMC) Os Chaos, concello de Ribadeo (Lugo). Expediente 4DES_2022.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do MVMC **Os Chaos** con propiedades particulares, presentada o 30.9.2022 pola comunidade de Piñeira.

Con data 5.1.2023 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta.

Lugo, 23 de xaneiro de 2023

Mª Olga Iglesias Fontal
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

